



O **Grupo Municipal do Partido Popular de Carballo**, ao amparo do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal, a celebrar en data de de 2017, a seguinte:

MOCIÓN

A estrada de Razo está considerada como un dos trazados mais perigosos de concello, por non dicir que é o peor de todos eles.

Son innumerables os accidentes ocorridos na mesma, e moitos deles con consecuencias moi graves. O seu deseño, cheo de curvas, (algunha delas moi pronunciadas), condiciona moitísimo a velocidade e a atención do condutor, provocando que o mínimo despiste leve consigo caer por algún monte ou bater cunha árbore provocando consecuencias catastróficas. Sería interesante un estudo que reflectise a media de accidentes por afluencia desa estrada: a este grupo municipal non nos cabe dúbida de que levaría o triste trofeo da estrada máis perigosa do concello de Carballo.

Os esforzos realizados no seu día para crear o gran equipo de socorrismo da actualidade foron moi importantes, xa que a seguridade dos bañistas era unha prioridade, polo que entendemos que o acceso a praia debería ir nesa mesma liña.

Mantendo que a seguridade é o principal motivo desta moción, non hai que esquecer o turismo. A praia de Razo está considerada como unha das mellores praias de Galicia. ¿Como é posible que un concello como o de Carballo non potencie o turismo da súa costa?

¿Que pensarían todas as persoas que viñeron o campionato mundial de surf do 2012?. A praia de Razo recibe turistas todo o ano: é raro non ver caravanas e surfistas, tanto nacionais como internacionais, en calquera época do ano, incrementándose dunha maneira inmensa no verán. ¿Que impresión saca toda esta xente da costa de este concello? Pois as conclusións son moi claras, unha praia moi fermosa, unha paisaxe única e un moi pobre e perigoso acceso.

Unha estrada digna ata a costa é algo de vital importancia non so para os veciños de Razo e Oza, senón para todos os carballese e persoas doutros concellos limítrofes que frecuentan esta praia. Temos que darlle o prestixio que se merece, tanto a costa carballese como o propio concello de Carballo: aínda hai xente que pensa que é un concello do interior e non ten costa...

No último consello parroquial de Razo, o señor Alcalde escoitou a preocupación dos veciños asistentes sobre esta gran necesidade, e comprometeuse cos veciños asistentes en que comezaría os contactos para solicitar á Deputación a execución deste novo trazado. Por todo isto, o grupo municipal do Partido Popular de Carballo entende que os primeiros pasos xa están dados, xa que o trazado do novo vial está reflectido no novo plan xeral, e presenta para a súa aprobación polo Pleno a seguinte moción:

O Goberno Municipal de Carballo instará a administración competente, neste caso a Deputación da Coruña a que comecen os estudos e proxectos pertinentes para a execución da nova estrada de Carballo a Razo, cun prazo de finalización non superior ao ano 2022, xa que entendemos que o prazo en este tema é necesario, ou do contrario non se executará xamais.

Carballo, a 12 de xuño de 2018

Asdo.) Aurelio Núñez Centeno

Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular.